

AS FINANZAS ÉTICAS E SOLIDARIAS: PARA SABERMOS E DECIDIRMOS O DESTINO DO NOSO DIÑEIRO

Ramón Carmelo Rodríguez

COOP57 GALIZA
Galicia@Coop57.com

Desde finais do século vinte e comezos do novo milenio, moitas persoas e colectivos sociais están a cuestionar de forma activa e pública, o Emprego nomeadamente polo sistema financeiro convencional, dos cartos da cidadanía como ferramenta de acumulación de poder económico e social, e que desvincula a actividade económica de parámetros éticos como a defensa da paz, a loita contra explotación humana, a democracia participativa, a igualdade de oportunidades, a solidariedade e a defensa do medio ambiente. É dicir, o investimento dos cartos en proxectos con rendabilidade económica mais violadores dos dereitos humanos e/ou dos ecosistemas.

Por outro lado, organizacións e colectivos sociais enmarcadas dentro da economía social e solidaria – alicerzadas no seu carácter non lucrativo e na primacía das persoas sobre o capital na toma de decisións e nas súas políticas, e que promoven valores como a voluntariedade; a democracia participativa; a responsabilidade; a equidade; a vocación social e ambiental; a igualdade; a transparencia e a solidariedade –, fican de forma tradicional excluídas ou teñen moitos atrancos para acceder aos circuitos financeiros pola súa natureza organizativa; polo perfil socioeconómico das persoas que fan parte delas; e pola natureza dos proxectos que pretenden desenvolver ao non resultaren atractivas para o sistema financeiro convencional. É o caso das cooperativas; as asociacións; as empresas de inserción e os movementos sociais.

Con estes antecedentes, téñense promovido no marco europeo diversas iniciativas so un modelo organizativo de xestión democrática e non lucrativo, que procuran fomentar o aforro solidario e o investimento ético para financiar proxectos de desenvolvemento local e de cooperación co Sul, con alto valor social e ecolóxico; non especulativos e, daquela, que procuran a recuperación do protagonismo da cidadanía na captación, xestión e aplicación dos cartos; do valor social do diñeiro e da actividade económica, e da compatibilización do rendemento ético e económico dos proxectos que son financiados, no obxectivo de seren ferramentas que contribúan á transformación do sistema socioeconómico. Daquela basean o seu funcionamento nos principios de transparencia, confianza, compatibilidade, coherencia, autoxestión, democracia e desenvolvemento local. Exemplos destacados destas iniciativas son a cooperativa de crédito italiana Banca Popolare Etica (BpE) e no Estado Español, Fiare e a cooperativa catalá de servizos financeiros Coop57.

En Galiza, no primeiro decenio do novo milénio, o proceso de información, divulgación, reflexión e organización sobre esta temática por parte de persoas e diversos colectivos da economía social e solidaria, por exemplo, nos ámbitos do

comercio xusto, o consumo responsábel, o ecoloxismo, a cooperación para o desenvolvemento, e a inserción laboral, entre outros, tendo dado lugar á constitución de tres iniciativas complementarias como son AIS O Peto; Coop57 e Fiare.

AIS O Peto é unha asociación galega sen ánimo de lucro, nada en 2005, que asocia a persoas físicas no ámbito local e comarcal, que deciden o destino dos seus aforros co obxecto de financiar microproxectos de economía social e solidaria. Máis información : www.opeto.org

Coop57 é unha cooperativa de servizos, promovida, conformada e xestionada por organizacións do tecido da economía solidaria desde 1996. Promove o aforro solidario e destina o mesmo a financiar os proxectos das entidades socias que promovan a ocupación, o asociacionismo e a solidariedade en xeral, promovendo a sustentabilidade sobre os alicerces dos principios éticos e solidarios. Desenvolve o seu traballo en rede e de forma horizontal en cinco territorios : Catalunya (1996); Aragón (2005); Madrid (2007); Andalucía (2008) e Galiza (2009). Máis información : www.coop57.coop e <http://coop57galicia.blogspot.com>

Tanto AIS O Peto como Coop57 funcionan fóra do sistema bancario convencional o que lles permite adaptar e personalizar a súa oferta e operativa financeira ás necesidades dos proxectos que financian. Por outro lado, impídelles a oferta de servizos financeiros a persoas físicas. As dúas fan parte de Fiare coa vontade de traballar en rede no proceso de desenvolvemento dun sistema de finanzas éticas.

Fiare é un proxecto nado en Euskal Herria no ano 2003, coa vontade de impulsar unha banca ética cidadá, ofrecendo os seus servizos ao conxunto da cidadanía e da economía social e solidaria do Estado Español. Ten o obxectivo de crear en 2013 unha cooperativa de crédito de ámbito europeo –que operará baixo as directrices do sistema bancario europeo- e que poderá ofrecer os servizos de calquera entidade financeira, mais de acordo cos principios da banca ética. Fiare ten chegado a un acordo con BpE para poder desenvolver unha actividade bancaria no Estado Español.

Na actualidade Fiare conta con varias plataformas en varios territorios do Estado Español, entre os que se atopa Galiza desde este ano. Máis información: www.proyectofiare.com e fiaregz.wordpress.com

Polo tanto non estamos a falar de iniciativas coxunturais ao abeiro do actual momento da crise económica, social e ecolóxica provocada polo sistema capitalista, senón que xa estaban a cuestionar o propio funcionamento do mesmo con moita antelación. A crise está a afianza-las como alternativas para o depósito de aforros da cidadanía e a procura de crédito para as entidades de economía social e solidaria, e polo tanto para a construción dunhas outras finanzas e unha outra economía.